

## CURSO DE BAILE TRADICIONAL GALEGO



**MANU SEOANE**

***8 E 15 DE MAIO***

Gaiteiro e bailador tradicional, cunha traxectoria de máis de 20 anos de formación e aprendizaxe da música e o baile tradicional galego, ten o seu primeiro contacto coa cultura tradicional no ano 2003 na A.C. A Maristela, de Sobrado. No ano 2017 pasa a formar parte do grupo de baile da A.C. Donaire (A Coruña) baixo a dirección de Olga Kirk ata o ano 2021, momento no que comeza a súa participación na sección oficial de baile da A.F. Cantigas e Agarimos (ata a actualidade), dirixido por Pedro Brañas. Con ambos grupos participa en diversos festivais e espectáculos (Festival Presqu'île Breizh - Quiberon, Francia-, Xornadas do Folclore Galego, espectáculo Retrincos, Gala ANDERSON, entre outros) e acada varios premios no ámbito dos concursos de baile.

Á marxe do seu desempeño como bailador, tamén desenvolve a súa faceta como docente impartindo aulas en varias asociacións e grupos de baile da contorna santiaguesa: A. F. Lembranzas do Tambre, A.C. Mestre Manuel Gacio, A.C. Escola Viva Antes ou no C.C. A Ponte Vella, onde é co-director da sección de baile xunto con Miguel Barbazán.

**LUGAR:** Cmus profesional de Ourense – Sala de orquestra

**DATAS:** 8 e 15 de maio de 2026

**HORARIO:** grupo perfeccionamento 16-17:15 / grupo iniciación 17:45-19:00

**DEREITOS DE MATRÍCULA:** 15€

As inscricións abonaranse en **ABANCA**,  
**IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.**

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro. O prazo de matrícula remata o día 6 de Maio de 2026.

**A todos os alumnos participantes no curso entregaráselle, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo pola súa asistencia.**

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso de baile tradicional galego

Nome e apelidos \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

CP e Poboación \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_ E-mail \_\_\_\_\_

Nivel:

- Iniciación
- Perfeccionamento

Data de inscrición \_\_\_\_\_

Sinatura \_\_\_\_\_